

11. TEMPORALIZACIÓN

Con carácter xeral, os contidos repartiranse ao longo do curso en dous cuatrimestres. A distribución dos contidos responderá ao establecido polo departamento, aínda que poderá sufrir modificacións se o ritmo da clase así o require, xa que a programación se entende como un documento flexible.

Os contidos agruparanse en unidades didácticas, que se secuenciarán en sesións ao longo de todo o curso. Deste xeito garántese que as horas de docencia que lle corresponden a cada curso se impartan de maneira efectiva e controlada.

Na temporalización tamén se terá en conta a progresión da aprendizaxe, así as unidades con contidos máis complexos contarán con máis tempo cás que sexan de ampliación, repaso ou introdución de contidos menos esixentes.